

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Galego** | | | | |
| Materia | Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Galego | | | |
| Código | V01G230V01617 | | | |
| Titulación | Grao en Tradución e Interpretación | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 3 | 2c |
| Lingua de impartición | | | | |
| Departamento | Tradución e lingüística | | | |
| Coordinador/a | Baxter , Robert Neal | | | |
| Profesorado | Baxter , Robert Neal<br>Domínguez Araújo, Lara<br>Gómez López, Elisa | | | |
| Correo-e | jstefanlari@yahoo.com | | | |
| Web | http://sites.google.com/site/nealsweb/ | | | |
| Descrición xeral | A materia constitúe o primeiro contacto do alumnado coa interpretación consecutiva e ten por obxectivo impartir un coñecemento e manexo das técnicas básicas necesarias para a interpretación consecutiva, apoiándose nos elementos teóricos necesarios para reforzar a práctica das mesmas. Ao nivel práctica, a materia pretende preparar o alumnado para realizar interpretacións consecutivas B-A partindo de exercicios centrados nos diferentes aspectos da interpretación consecutiva: coñecementos xerais sobre os contextos profesionais nos que se desenvolve a interpretación consecutiva e comportamentos axeitados por parte d@ intérprete; o comprensión e análise de textos e discursos alleos no idioma B; expresión e estruturación de discursos propios na lingua A; reforzamento da memoria a curto prazo; toma de notas. A orientación da materia é esencialmente práctica, deseñada para proporcionar un coñecemento das técnicas básicas requiridos para realizar unha interpretación consecutiva e para detectar potenciais especialistas na interpretación consecutiva. | | | |

| Competencias | |
|---|---|
| Código | |
| A1 | Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| A3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| A4 | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado. |
| A5 | Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| C1 | Dominio de linguas estranxeiras |
| C2 | Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras |
| C3 | Dominio da lingua propia, escrita e oral |
| C4 | Coñecer norma e usos das linguas de traballo |
| C8 | Destreza para a procura de información/documentación |
| C12 | Posuír unha ampla cultura |
| C13 | Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión |
| C17 | Capacidade de tomar decisións |
| C18 | Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica |
| C21 | Rigor e seriedade no traballo |
| C22 | Destrezas de tradución |
| C25 | Coñecementos de cultura xeral e civilización |

| | |
|---|---|
| C27 | Capacidade de razoamento crítico |
| C30 | Coñecemento de idiomas |
| C33 | Dominio oral e escrito da lingua propia |
| D1 | Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia |
| D4 | Resolución de problemas |
| D7 | Toma de decisións |
| D9 | Razoamento crítico |
| D12 | Traballo en equipo |
| D18 | Creatividade |
| D22 | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica |

## Resultados de aprendizaxe

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---|---|---|
| Sentar as bases teóricas e metodolóxicas para a aprendizaxe das técnicas de interpretación consecutiva | A1<br>A5 | C1<br>C2<br>C3<br>C4<br>C12<br>C13<br>C18<br>C22<br>C25<br>C27<br>C30<br>C33 | D1<br>D9<br>D22 |
| Adquirir os coñecementos das técnicas básicas da interpretación consecutiva | A4 | C1<br>C3<br>C8<br>C12<br>C13<br>C22<br>C25 | D4<br>D7<br>D9<br>D22 |
| Desenvolver as habilidades de traballo en grupo | A5 | C17<br>C21 | D12 |
| Introducir as técnicas de busca documental e a elaboración de glosarios aplicados á interpretación | A3 | C8 | D4<br>D7<br>D9 |
| Adquirir coñecementos sobre o mercado profesional da interpretación consecutiva nos seus diferentes ámbitos de traballo | A3<br>A5 | C8<br>C12<br>C18 | D22 |
| Proporcionar as ferramentas básicas para a xestión do discurso | A4 | C1<br>C2<br>C3<br>C4<br>C12<br>C13<br>C17<br>C22 | D7<br>D9<br>D18 |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| Tema 1<br><br>□ Fase inicial: introdución<br><br>1. Repaso e consolidación dos obxectivos de aprendizaxe da materia de interpretación de enlace.<br>2. Posta en valor da cultura xeral: asunción das lagoas de coñecemento e fomento da curiosidade.<br>3. Introdución de obxectivos específicos da interpretación consecutiva: a interpretación consecutiva como técnica □natural□ | 1. Conseguir seguridade e confianza ao falar en público: superar o nerviosismo, eliminar xestos que interfiran na comunicación, utilizar a voz e a postura de maneira adecuada.<br>2. Desenvolver a capacidade de anticipación: mobilización de coñecementos e preparación in situ<br>3. Familiarizarse coas fórmulas e esquemas habituais dos discursos formais.<br>4. Axustar o nivel do galego: utilizar un rexistro adecuado, eliminar marcas informais da lingua, mobilizar un léxico rico e variado.<br>5. Ser conscientes do nivel necesario das linguas A e B: identificar posibles eivas e desenvolver estratexias para as superar.<br>6. Aumentar a capacidade de escoita e análise, concentrarse na escoita, ordenar a mensaxe.<br>7. Elaborar discursos propios na lingua A con fluidez e propiedade. |

| | |
|---|---|
| Tema 2<br><br>□ Fase intermedia: fundamentos<br><br>1. Desenvolvemento das competencias primordiais para realizar unha boa interpretación consecutiva. | 1. Aumentar a capacidade de memoria a curto prazo: identificar os elementos que a desencadean, desenvolver a memoria visual e a memoria analítica.<br>2. Consolidar as capacidades de escoita e análise: traballar con textos A-A<br>3. Consolidar a capacidade de limitarse partindo da análise do texto de partida e tomando en consideración as limitacións lingüísticos existentes no momento de elaborar o texto de chegada: exercicios de interpretación consecutiva/síntese con textos A-C/D<br>4. Partindo do anterior, exercicios de interpretación consecutiva/síntese con textos A-B e B-A sen toma de notas.<br>4. Desenvolver a capacidade de resolución de problemas. Aceptar a imposibilidade da perfección da interpretación e do control sobre o discurso orixinal.<br>5. Ter criterio para introducir a toma de notas durante a audición: aprender a seleccionar a información relevante.<br>6. Reformular sinteticamente e con corrección na lingua B discursos producidos na lingua A. |
| Tema 3<br><br>□ Fase avanzada<br><br>1. Perfeccionamento das competencias primordiais para realizar unha boa interpretación consecutiva.<br>2. Elementos teóricos básicos: a teoría dos esforzos. | 1. Ser quen de reflexionar con criterio sobre os discursos e interpretacións propias e dos compañeiros.<br>2. Introdución ao teoría de esforzos aplicada á interpretación consecutiva.<br>3. Introdución á estratexia minimax e a necesidade de aplicar o principio da simplicidade como base para a interpretación consecutiva na fase da produción.<br>4. Ser quen de detectar as eivas sobre o desempeño propio e de elaborar e aplicar un plan de traballo axeitado ás necesidades de aprendizaxe.<br>5. Ter claro o que se entende por unha boa interpretación e ser quen de avaliar interpretacións propias e alleas.<br>6. Aplicar os principios fundamentais da toma de notas á interpretación consecutiva partindo do proceso de escoita activa e análise previa. Experimentar distintas formas de toma de notas, escoller cando e como. Aprender a equilibrar a utilización das notas.<br>7. Aumentar a rapidez de mobilización de recursos lingüísticos nas linguas A e B.<br>8. Aprender a reducir a carga mnemónica para reorientar capital global de esforzos. |
| Tema 4<br><br>□ Fase final: consolidación e perfeccionamento<br><br>1. Superación definitiva das dificultades de aprendizaxe.<br>2. Consolidación da técnica de interpretación consecutiva ante situacións de maior nivel de dificultade. | 1. Ser capaz de restituír información máis complexa en consecutiva: conceptos abstractos e nomes propios.<br>2. Ser capaz de restituír números e unidades, saber adaptar a estratexia de toma de notas en función do discurso.<br>3. Consolidar a expresión oral na lingua B. Elaboración de mini discursos nesta lingua.<br>4. Introducir discursos con maior dificultade.<br>5. Superar definitivamente os problemas específicos de cada estudante.<br>6. Dominio das decisións sobre a toma de notas, a análise e a restitución do discurso.<br>7. Introdución de discursos de especialidade: preparación terminolóxica, resolución de problemas.<br>8. Consolidación da técnica de interpretación consecutiva con toma de notas con discursos máis densos, complicados e rápidos. |

**Planificación**

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Resolución de problemas | 6 | 22 | 28 |
| Traballos de aula | 41 | 80 | 121 |
| Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas. | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

| | Descrición |
|---|---|
| Resolución de problemas | Actividade práctica orientada cara á resolución de problemas e dúbidas, sobre todo de tipo técnico. |

| | |
|---|---|
| Traballos de aula | Trátase do traballo principal que se desenvolve nos laboratorios habilitados para a práctica da interpretación.<br><br>A metodoloxía a seguir en todo momento é a descrita nos seguintes artigos:<br><br>Baxter, R.N. (2012) Modelo de formación básica en interpretación consecutiva dentro del marco de la reforma de Bolonia, Sendebar 23 [61-77]<br><br>Baxter, R.N. (2012) A Simplified Multi-model Approach to Preparatory Training in Consecutive Interpreting. The Interpreter and Translator Trainer (ITT): Volume 6, Number 1 [21-43]<br><br>Os seguintes textos forman a base do traballo en clase e o texto do exame final terá unha estrutura similar:<br>(dispoñíbeis en: http://cousasdeneal.webs.com/consecutiva-consecutive)<br><br>□ Pediculosis<br>□ Stolen generations<br>□ Tattoos<br>□ Attention deficit hyperactivity disorder<br>□ Obsessive□compulsive disorder<br>□ Anorexia<br><br>Realizaranse actividades relacionadas coas principais estratexias para a interpretación consecutiva, xunto con exercicios prácticos de interpretación consecutiva nos<br>diferentes ámbitos.<br><br>A metodoloxía xeral oriéntase cara á comprensión e á análise do discurso oral e a súa plasmación na língua de chegada, evitando a tradución literal oral baseada na memoría.<br><br>Co fin de favorecer a compresnión e análise durante a fase da escoita activa, durante a primeira fase non se permite a toma de nota, introducida cara ao final do curso como ferramenta para mellorar unha técnica xa consolidada.<br><br>Trabállase nun primeiro momento tamén coas linguas C/D do alumnado para afinazar a capacidade de resolver probelmas de reformulación dentro dos parámetros lingüísticos dispoñíbeis, fuxindo da tradución mnemónica literal.<br><br>Para alén dos traballos realizados nas<br>aulas, o/a profesor/a orientará @s estudantes sobre os traballos prácticos de interpretación consecutiva que deberán levar a cabo por conta propia.<br><br>Algúns dos traballos entregues poderán<br>contribuíra para a nota de avaliación continua final. |

**Atención personalizada**

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Resolución de problemas | No horario de atendemento publicado. |

**Avaliación**

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Resolución de problemas | Resolución de problemas e/ou exercicios ao longo do curso no desenvolvemnento dos exercicios de intrepretación consecutiva | 10 | A1<br>A5 | C1<br>C2<br>C3<br>C4<br>C8<br>C12<br>C13<br>C17<br>C18<br>C21<br>C22<br>C25<br>C27<br>C30<br>C33 | D1<br>D4<br>D7<br>D9<br>D12<br>D18<br>D22 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas. | Realización dunha proba de interpretación consecutiva entre as linguas B-A.<br>Para cualificar esta proba valorarase os seguintes elementos:<br>1. Técnica: capacidade de escoita activa e análise; toma de decisión a respecto da información principal necesaria (estratexia minimax, principio de simplificación); estruturación (ordenar os bloques coherentemente e uso de nexos); resolución de problemas<br>2. Contidos: corrección dos contidos;<br>3. Expresión oral: rexistro; fluidez; seguridade; compás/ritmo;<br>4. Corrección lingüística e vocabulario<br>Á marxe da media final, a superación dos apartados 1 / 2 é condición sine qua non para superar a proba no seu conxunto.<br>Non rematar a proba ou deixar calquera elemento sen acabar a proba no seu conxunto para alén de calquera outra consideración. | 90 | A3<br>A4 | C1<br>C3<br>C4<br>C13<br>C17<br>C21<br>C22<br>C27<br>C30<br>C33 | D1<br>D4<br>D7<br>D9<br>D22 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

As/Os estudantes que desexaren acollerse á modalidade de avaliación continua deben comunicalo ao profesor ou á profesora con anterioridade á data do exame final.

Para poder optar á avaliación continua descrita anteriormente (elaboración de discursos, aplicación de coñecementos teóricos, realización dunha proba de interpretación), cómpre asistir a 80% das clases. Para alén de máis, é imprescindíbel obter unha puntuación mínimo de 5 sobre 10 na proba de interpretación consecutiva para aprobar a materia no seu conxunto, ao que se sumará a puntuación acadada nos outros apartados.

A avaliación única, para aquel@s estudantes que renunciaren á avaliación continua ou que non cumpriren coa condición da asistencia mínima ás clases, consistirá nun único exame de interpretación consecutiva dun discurso da lingua en-gl máis extenso e de maior dificultade (densidade de información e velocidade), coa posibilidade de introducir tamén algunhas preguntas finais para interpretar á lingua en.

**Data do exame final**: Segundo o publicado no calendario oficial de exames.

A segunda convocatoria consistirá nun único exame de interpretación consecutiva dun discurso da lingua en-gl de tipo similar á proba realizada na modalidade de avaliación continua, coa posibilidade de introducir tamén algunhas preguntas finais para interpretar á lingua en.

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

### Bibliografía Complementaria


Alexieva, Bistra, **Consecutive Interpreting as a Decision Process, in Beylard-Ozeroff, Ann Jana Králová and Barbara Moser-Mercer (eds.), Translator's strategies and creativity : selected papers from the 9th Internatio**, John Benjamins,

Bowen, David & Bowen, Margaretta, **Steps to Consecutive Interpretation**, Pen and Booth,

Gile, Daniel, **Basic Concepts and Models for Interpreter and Translator Training**, John Benjamins,

Gile, Daniel, **Justifying the deverbalisation approach in the interpreting and translation classroom, in Forum 1:2 [pp. 47-63]**, Forum (revista),

Ilg, Gerard and Sylvie Lambert, **Teaching Consecutive Interpreting, Interpreting, Vol. 1(1) [69-99]**, Interpreting (revista),

Iliescu Gheorgiu, Catalina, **Introducción a la interpretación. La modalidad consecutiva**, Publicaciones de la Universidad de Alicante,

Rozan, J.F., **La prise de notes en interprétation consécutive**, Librairie de l Université Georg,

VVAA, **Interpreter Training Resources (http://interpreters.free.fr/)**, http://interpreters.free.fr/,

Gillies, Andrew, **Note-Taking for Consecutive Interpreting-A Short Course**, St. Jerome,

Baxter, Robert Neal, **Modelo de formación básica en interpretación consecutiva dentro del marco de la reforma de Bolonia**, Sendebar 23 [61-77],

Baxter, Robert Neal, **A Simplified Multi-model Approach to Preparatory Training in Consecutive Interpreting**, The Interpreter and Translator Trainer (ITT) 6:1 [21-43],


## Recomendacións

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01601

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución á teoría da tradución e a interpretación/V01G230V01210